

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Persoal

Convocatoria e bases 2 prazas de axente de emerxencias

ANUNCIO

Por Decreto de Alcaldía número 2078/2026, de 4 de agosto de 2026, aprobouse a convocatoria e bases reguladoras do proceso selectivo para cobertura en propiedade de dúas prazas de persoal laboral fixo, de Operaria/o de Protección Civil (Axente de emerxencias) do Concello de Arteixo, polo procedemento de concurso-oposición en quenda libre, que de seguido se expoñen:

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA COBERTURA EN PROPIEDAD DE DÚAS PRAZAS DE PERSOAL LABORAL FIXO, GRUPO V, DE OPERARIA/O DE PROTECCIÓN CIVIL (AXENTE DE EMERXENCIAS) DO CONCELLO DE ARTEIXO, POLO PROCEDEMENTO DE CONCURSO-OPOSICIÓN EN QUENDA LIBRE, CORRESPONDENTE Á OEP 2026

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente, a regulación do proceso selectivo a través do procedemento de concurso-oposición, en quenda libre, para cobertura en propiedade de dúas prazas de persoal laboral fixo do posto de Operaria/o de Protección Civil (Axente de Emerxencias), correspondente ao grupo V do Convenio de persoal laboral do Concello de Arteixo, vacantes incluídas na OEP 2026 do Concello de Arteixo (BOP da Coruña número 22 de 3 de febreiro de 2026).

A praza convocada correspóndese co posto establecido na RPT en vigor con código 030209, de seguido exposto (sen prexuízo de potenciais posteriores modificacións retributivas, de distribución de xornada e análogas a través de modificación de RPT):

0302: Servizo Emerxencia

Cód.	Denominación do posto	L/F	Dot.	C.D.	C.E.	TP	FP	Clasificación do posto				Titulación académica	Adscrición	Formación específica	Observacións
								ADM	Grupo	Escala	Subescala				
030209	Operaria/o (Axente de Emerxencias)	L	8	14	17.719,66 €		C	AL	V			Sen requirimento formativo	Área 3	Permiso B e C	(DP)(N)(T)(S)(F)

O importe do concepto C.E. corresponde a datos de 2026 sendo incrementado anualmente na porcentaxe establecida polas correspondentes Leis de Orzamentos do Estado e concordantes, consignándose no capítulo 1 do ano 2026, o importe de 14.679,90€ estando supeditado, en calquera caso, ás determinadas pola RPT en vigor e modificacións do marco legal estatal de carácter básico.

Entre outras funcións propias do posto de traballo, corresponden as seguintes:

- Intervención de maneira práctica nas emerxencias
- Realización de tarefas de auxilio con outras áreas ou servizos nas que sexa necesaria a súa presenza, como en asuntos de interese social, emerxencias en outros servizos, apoio a brigadas doutras áreas
- Colaborar en sinistros activamente e de maneira coordinada cos outros corpos intervincentes
- Colaborar cas forzas e corpos de seguridade nos accidentes de circulación, especialmente en todo o relacionado co rescate de persoas e restablecemento das condición de seguridade das vías afectadas polos mesmos
- Colaborar en materia de extinción de incendios cos outros corpos
- Colaborar activamente na búsqueda de persoas desaparecidas en coordinación cos outros corpos
- Conservación, mantemento do seu material persoal así como do material empregado para o seu traballo, dando conta inmediata ao coordinador do servizo para a súa reparación / substitución

- Atender e participar nas funcións e traballos en materia de prevención que lle sexan encomendados
- Condución e mantemento de vehículos e equipos asignados ao servizo
- Calquera outra función correspondente á súa subescala e propia das súas competencias e atribucións profesionais

O réxime de xornada segundo RPT en vigor é de dispoñibilidade parcial, nocturnidade, turnicidade, sábados, domingos e festivos.

SEGUNDA.- REQUISITOS ESIXIDOS

2.1.- Para ser admitida/o á realización destas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Nacionalidade: Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.
- b) Capacidade: Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto referidas na base primeira das presentes. Acreditarase mediante declaración xurada (ou na declaración da Instancia que se achega ás presentes bases). As persoas con discapacidade deberán aportar certificación do correspondente organismo, facéndoo constar asemade na instancia, sinalando se precisan adaptacións para realización das probas e especificando tales adaptacións.

c) Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non haber alcanzado a idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: Non ter sido separado do servizo de calquera administración pública, de órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas mediante expediente disciplinario, nin acharse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, tanto para o acceso á función pública como para exercer funcións similares como persoal laboral nin estar incurso en causa/s de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. Asinarase declaración xurada a este respecto, incluída no modelo de Instancia recollido nas presentes bases.

e) Titulación e carnés profesionais: Estar en posesión dalgún dos seguintes títulos académicos ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias: Graduada/o ESO ou titulación equivalente, xunto cos carnés de conducir B e A2.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán estar en posesión da correspondente credencial de homologación ou, no seu caso, do correspondente certificado de equivalencia.

Este requisito non será de aplicación as/os aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas ao amparo das disposicións de dereito comunitario.

f) Posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega Celga 3, equivalente ou superior. As persoas aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega.

2.2.- Os requisitos establecidos deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o proceso selectivo ata o momento da do nomeamento.

TERCEIRA.- INSTANCIAS E PRAZOS DE PRESENTACIÓN

As instancias para tomar parte neste proceso selectivo, dirixiranse ao Alcalde-Presidente do Concello, e presentaranse preferentemente por vía electrónica na sede electrónica do Concello ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de instancias será de **20 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE**, toda vez se teñan publicadas as presentes bases reguladoras no BOP da Coruña e anuncio de convocatoria no DOG. Complementariamente, as bases publicaranse na web municipal, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios aos meros efectos informativos, sen que tal publicidade sirva para determinación algunha de prazos de presentación de instancias.

Para ser admitida/o e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas correspondentes, as/os aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas, referidas sempre á data de expiración do prazo de presentación, ademais de presentar a documentación requirida.

Á instancia acompañarase inescusablemente da seguinte DOCUMENTACIÓN:

- **DNI** (no seu defecto, resgardo do DNI, pasaporte ou carné de conducir)
- **Titulación** esixida como requisito nas presentes bases
- Declaración xurada específica dos requisitos contemplados na base 2ª ou, no seu caso, declaración contida no modelo de instancia que se achega ás presentes bases (Anexo 2)
- **AUTOBAREMO** asinado segundo modelo que se achega ás presentes bases (Anexo 3) xunto con toda a documentación acreditativa dos méritos alegados. Se algunha persoa aspirante non aportara a documentación acreditativa dos méritos alegados, será baremado con 0 puntos. Incluso as/os aspirantes con 0 puntos de méritos deberán aportar tal documento asinado. Os méritos profesionais deberán acreditarse con copia dos contratos de traballo máis o Informe de vida laboral ou, no caso de Administracións Públicas, copia do contrato e/ou acta de nomeamento e certificado expedido polo fedatario público da administración no que deberá reflexarse o grupo/subgrupo da praza desempeñada, cómputo de datas e especificación da xornada (completa ou parcial)
- Copia do **Celga 3**, ou titulación equivalente, aos efectos de exención de realización de proba de galego
- Copia do carné de conducir B e A2
- **Xustificante de pagamento** de ter aboado a taxa de dereitos de exame nos servizos económicos municipais. Para o pago da taxa de dereitos de exame, as persoas aspirantes deberán AUTOLIQUIDAR e PAGAR TAXAS de dereitos de exame, antes das 23:59 horas do último día de prazo de presentación de instancias, a través da Oficina Virtual Tributaria do Concello de Arteixo, no link: <https://ovtarteixo.dacoruna.gal>. Ou ben, deberán poñerse en contacto co departamento de Rendas (981 600 009, extensión 4029, 4030 e 4031 ou rendas@arteixo.org) antes das 14:00 horas do último día de prazo de presentación de instancias, a fin de que lles remitan unha carta de pagamento/documento de liquidación de taxa, que deberá facerse efectivo dentro do prazo de presentación de instancias e que se poderá pagar de calquera das seguintes maneiras:
 - a) Nas contas restrinxidas do Concello a través de calquera oficina das seguintes entidades colaboradoras, que admitirán ditos ingresos todos os días laborais: Abanca, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria (BBVA), Banco Santander, Caixabank ou Banco Sabadell
 - b) A través da banca electrónica se é cliente dalgunha das citadas entidades colaboradoras
 - c) Con tarxeta de crédito ou débito na pasarela de pagos, copiando este link no navegador: <http://www.arteixo.org/servizos/pagos-online>.

Quedarán exentas/os do pagamento da taxa de dereitos de exame, aquelas/es aspirantes que acrediten diversidade funcional e/ou situación de desemprego de longa duración (a tal efecto deberá aportarse xunto coa instancia o certificado do grao de minusvalía igual ou superior ao 33% ou certificado do SEPE de estar en situación de desemprego durante 1 ano ou máis tempo) segundo a Ordenanza Fiscal nº 11 do Concello de Arteixo.

Aos efectos das presentes bases calquera referencia a este colectivo de diversidade funcional/discapacidade realízase incluíndo no mesmo a todas as persoas aspirantes con pensión de incapacidade laboral permanente, en grao de absoluta, total ou gran invalidez ou pensionistas de clases pasivas segundo o establecido pola Disposición Final Segunda da Lei de emprego 3/2023, de 28 de febreiro, aportando aos efectos oportunos de asimilación, a acreditación documental oficial de tal condición de pensionista por estas causas

Os dereitos de exame establécense en **9,04 €**, e só serán devoltos a quen non fora admitida/o ao proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos nas presentes bases, isto é unicamente a aquelas/es aspirantes que resulten excluídas/os na listaxe definitiva.

CUARTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

4.1.- Na Resolución de Alcaldía de aprobación da listaxe provisional, designarase nominativamente a composición do Tribunal cualificador, con titulares e suplentes, aos efectos dos supostos de abstención/recusación dos membros designados.

4.2.- O Tribunal cualificador nomearase de conformidade co artigo 55.2.c) e d) e artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, así como garantindo os criterios de competencia técnica, nivel de titulación e paridade na súa composición, de conformidade ao establecido no artigo 152 da Lei 7/2023, de 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e estará composto do seguinte xeito:

- **Presidenta/e:** Persoal funcionario de carreira do grupo/subgrupo A1-A2 ou asimilado do Concello de Arteixo ou doutra Administración Pública (titular e suplente)

- Secretaria/o, quen actuará con voz e voto: A/o Secretaria/o da corporación ou funcionario da corporación que o substitúa (titular e suplente)
- Vogais: Tres vogais, sendo funcionarios de carreira de calquera Administración Pública ou laboral fixo indistintamente, preferentemente da administración local da área competencial da praza convocada (titulares e suplentes)

O Tribunal poderá dispoñer da incorporación de asesoras/es especialistas cando as circunstancias así o aconsellen, os cales actuarán con voz e sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, as/os interesadas/os poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

4.3.- O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, sendo preceptiva a asistencia da/o Presidenta/e e da/o Secretaria/o, titular ou suplente.

4.4.- O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante o proceso selectivo, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso-oposición en todo o que non estea previsto nas bases.

4.5.- Os acordos adoptados polo Tribunal cualificador serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4.6.- Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

4.7.- Na Resolución de aprobación da listaxe definitiva entenderanse resoltas (estimadas/deseestimadas) as solicitudes de emenda/subsanación, así como recusación/abstención dos membros do Tribunal, de ser o caso.

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

5.1.- Publicarase no BOP da Coruña, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios a listaxe provisional, así como a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas. Así mesmo, publicarase a composición nominativa do Tribunal cualificador cos titulares e suplentes, composto en base ao principio de idoneidade e especialidade e segundo o establecido na Lei 5/2015, de 30 de outubro, e o Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Na mesma Resolución na que se aprobe a listaxe definitiva sinalarase o lugar, o día e hora de comezo do proceso selectivo. A publicación dos sucesivos anuncios para a celebración das probas restantes toda vez iniciado o proceso selectivo, así coma a listaxe das cualificacións en cada exercicio (ben de xeito nominativo ou ben con códigos de identificación no suposto de exercicios anónimos), efectuarase igualmente na sede electrónica e no taboleiro de anuncios.

5.2.- Coa finalidade de facilitar o acceso á información das persoas aspirantes e, sempre con carácter complementario, tanto as convocatorias e bases, como os anuncios de cualificacións, chamamento a exercicios, etc. serán publicadas na web municipal, toda vez sexa realizada a publicación na sede electrónica e no taboleiro de anuncios. Ademais, tamén aparecerán, sempre que sexa posible, as cualificacións numéricas coa identificación anónima (nome a apelidos parcial, DNI parcial ou código de anonimato) das/os aspirantes que acaden a consideración de Apta/o, así como unicamente cualificación de Non apta/o para as/os que non superen os exercicios de carácter eliminatorio e os non presentadas/os. Tales publicacións na web municipal non terán validez administrativa a efectos de cómputo de prazos ou calquera outra, senón meramente informativa. Asemade, a información de carácter persoal contida nas mesmas será posible baixo a consideración de que as/os aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando tomar parte no proceso, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na convocatoria.

Os restantes usos dos datos persoais contidos nas solicitudes, así como todo o desenvolvemento dos procesos selectivos, será de carácter interno e uso restrinxido, segundo o estipulado na normativa vixente en materia de protección de datos.

Como normas xerais no desenvolvemento do proceso selectivo, establécense as seguintes:

5.3.- Baixo ningunha circunstancia facilitarase información telefónica dende o servizo central de información sobre prazos de presentación de instancias, documentación, listaxes de admisión de aspirantes, chamamento a exercicios, cualificacións obtidas ou similares. As consultas sobre o contido das bases ou sobre posibles interpretacións, dúbidas e/ou cuestións incidentais unicamente poderán ser atendidas polo departamento de Persoal e RR.HH. (telefonicamente, por

registro ou por email: persoal@arteixo.org). Calquera outra cuestión ou incidencia relativa ao desenvolvemento do proceso selectivo será resolta polo Tribunal cualificador designado no proceso selectivo.

5.4.- O Tribunal, a través da/o Secretaria/o actuante, poderá requirir ás persoas aspirantes, en calquera momento da práctica de calquera exercicio ou proba, que acrediten a súa identidade, para o que deberán estar provistos do DNI ou documentación identificativa análoga (carné de conducir ou pasaporte). Pese a que na realización das probas, velarase polo anonimato das persoas aspirantes, sempre que o Tribunal así o estime pertinente pola lóxica do desenvolvemento do proceso selectivo, as/os aspirantes serán chamados, en chamamento único, pola/o Secretaria/o actuante do Tribunal debendo identificarse nese momento unicamente ante este membro do Tribunal, coa mesma acreditación identificativa que a mencionada enriba.

5.5.- Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do Tribunal que algunha persoa aspirante carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, excluírase da mesma previa audiencia da persoa interesada, comunicándollo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.

SEXTA.- CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

Desenvolvemento do proceso selectivo: O proceso selectivo a través de procedemento de concurso-oposición consistirá nunha fase de oposición (60%) previa á fase de concurso (40%), de conformidade ao seguinte:

6.1.- FASE DE OPOSICIÓN (CARÁCTER ELIMINATORIO): Máximo 60 puntos

6.1.1.- Desenvolvemento da fase de oposición

a) As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único, e serán excluídas do proceso selectivo quen non compareza, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo Tribunal.

b) A orde de actuación das persoas opositoras naqueles exercicios ou probas que non podan realizarse conxuntamente, iniciárase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra «M», de conformidade co previsto na Resolución de 22 de xaneiro de 2026 da Consellería de Facenda e Administración Pública (DOG número 16 de 26 de xaneiro de 2026).

c) Unha vez comezado o proceso selectivo, os anuncios de celebración dos exercicios faranse públicos na sede electrónica e no taboleiro de anuncios e, complementariamente, na web municipal cunha antelación que posibilite que dende a total conclusión dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte, deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas. Cando o Tribunal o considere conveniente, poderá acordar a celebración de varios exercicios nunha mesma xornada, concedéndolle ás persoas opositoras un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración destes.

d) Concluído cada un dos exercicios da oposición, o Tribunal fará pública na sede electrónica e no taboleiro de anuncios e na web municipal, a relación de aspirantes que acadaran o mínimo establecido para superalo con indicación da puntuación (no caso de exercicios eliminatorios) ou ben a cualificación obtida (no caso de exercicios non eliminatorios), podendo publicarse nome e apelidos parciais ou DNI parcial ou código de anonimato das/os aspirantes presentadas/os.

e) O Tribunal adoptará as medidas necesarias para garantir que os exercicios que teñan que ser corrixis directamente polo Tribunal sexan corrixis sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes. O Tribunal excluírá a aquelas/es candidatas/os que presente exercicios nos que figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade da persoa opositora. A tal efecto, unha vez efectuada a corrección dos exercicios indicados, procederase por parte do Tribunal á apertura dos sobres pechados que permitan asociar a cada aspirante co seu código identificativo.

f) Os exercicios que se celebren por escrito con desenvolvemento de texto poderán ser lidos publicamente, se así o acorda o Tribunal.

Como norma xeral, establecerase un prazo de tres días hábiles, contados dende a data de publicidade das cualificacións dos distintos exercicios, para solicitar revisión de exames realizados ou para presentar alegacións sobre cualificacións outorgadas polo Tribunal. Todo isto, sen prexuízo do establecido legalmente na base final sobre impugnacións das actuacións do Tribunal e sen que isto implique paralización ou suspensión do proceso selectivo, salvo que o Tribunal así o considere para maior seguridade xurídica do procedemento.

Con carácter xeral en todos os exercicios da fase de oposición teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas no temario que estea en vigor no momento de publicación da relación definitiva de persoas aspirantes admitidas.

Co fin de respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer o acceso ao emprego público, o Tribunal deberá cualificar os exercicios das persoas aspirantes de acordo cos criterios de corrección e os baremos de puntuación establecidos nesta convocatoria e, no suposto de desenvolver os mesmos, deberá acreditar o coñecemento dos criterios específicos de avaliación por parte das/os aspirantes, con carácter previo á realización dos exercicios.

6.1.2.- Exercicios da fase de oposición

A fase de oposición constará de probas físicas, proba de coñecementos, unha proba práctica e unha proba de coñecemento do galego. O prazo mínimo entre un exercicio e o seguinte da fase de oposición será de 48 horas, agás naqueles casos que o Tribunal, co consenso de todas as persoas aspirantes, considere conveniente a realización de varios exercicios nunha mesma xornada, ou nun prazo inferior ao anteriormente establecido, concedendo un descanso mínimo de 30 minutos.

Primeiro exercicio: **PROBAS FÍSICAS (obrigatorio e eliminatorio)**

No momento do chamamento para a realización da primeira proba física, as persoas aspirantes entregarán ao Tribunal un certificado médico oficial, documento orixinal en formato papel, no que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicta no certificado médico. Este certificado médico deberá ser expedido dentro dos 15 días inmediatamente anteriores á data de realización da primeira proba de aptitude física.

As probas realizaranse de forma individual, agás as de fondo e natación, que poderán facerse de forma colectiva se así o considera o Tribunal cualificador.

As persoas aspirantes deberán presentarse á realización das probas coa roupa e calzado que consideren adecuados. Para a proba de natación as persoas aspirantes utilizarán traxe e gorro de baño (do modelo que desexen e que achegarán elas mesmas). Queda prohibida a utilización de traxes de neopreno ou similares e axudas para a flotabilidade e/ou incremento da velocidade de calquera tipo.

As probas físicas realizaranse nunha ou máis xornadas a criterio do Tribunal, nas instalacións municipais axeitadas ao tipo de proba que se vaia realizar.

As probas a realizar descríbense a continuación, e realizaranse na orde na que se relacionan:

a) **Levantamento de peso en press de banca.** Puntuación máxima de 5 puntos.

Na posición de decúbito supino sobre un banco, partindo da posición con brazos en extensión e abertos, agarrando a barra como máximo a anchura dos ombreiros, a persoa aspirante deberá levantar un peso de: homes 40 kg. e mulleres 30 kg. (con índice de desviación de +/- 1 kg. en orde a ter en conta o peso da propia barra), con flexión e extensión total de brazos en cada repetición, e igual número con flexión e extensión total de brazos en cada repetición, para o que as extensións deberan ser na súa máxima amplitude, e na flexión, a barra deberá de tocar o peito da persoa aspirante.

O tempo de realización será de 60 segundos. O número mínimo de repeticións válidas para superar o exercicio será 20 repeticións.

Outórganse as seguintes puntuacións de acordo co número de repeticións expresadas:

REPETICIÓNS	PUNTUACIÓN
Menos de 20 repeticións	Non apta/o
Entre 20 - 25 repeticións	1 punto
Entre 26 - 30 repeticións	2 puntos
Entre 31 - 35 repeticións	3 puntos
Entre 36 - 40 repeticións	4 puntos
Máis de 41 repeticións	5 puntos

b) **Proba de fondo de 1.500 metros lisos.** Puntuación máxima 5 puntos.

Partindo da posición de pé, detrás da liña de saída, deberase percorrer unha distancia de 1.500 metros en pista.

O tempo máximo será de 6 minutos para os homes e de 6 minutos e trinta segundos para as mulleres. Outorgaranse as seguintes puntuacións de acordo cos tempos expresados:

TEMPO HOMES	TEMPO MULLERES	PUNTUACIÓN
$\geq 6:00$	$\geq 6:30$	Non apta/o
Entre 5:30 e 5:59	Entre 6:10 e 6:29	1 punto
Entre 5:05 e 5:29	Entre 5:50 e 6:09	2 puntos
Entre 4:45 e 5:04	Entre 5:30 e 5:49	3 puntos
Entre 4:30 e 4:44	Entre 5:10 e 5:29	4 puntos
Menos de 4:30	Menos de 5:09	5 puntos

c) **Proba de natación de 100 metros.** Puntuación máxima 5 puntos.

Realizarase nunha piscina con vaso de 25 metros. A sinal de saída darase por un membro do Tribunal a voz de “preparados, xa”. A posición de partida será de pé, no borde do vaso da piscina. Despois do sinal, entrarase na auga coa técnica aberta sen afundirse (apropiada para lugares de escasa profundidade) mantendo a cabeza fóra da auga. Realizaranse 50 metros de nado CROL coa cabeza fóra da auga. Unha vez percorridos os 50 metros de nado CROL coa cabeza fora da auga, a persoa aspirante debera realizar outros 50 metros de nado libre e nesa distancia recoller 3 obxectos do fondo da piscina (aros). Estes 50 metros de nado libre serán empregados pola persoa aspirante para a busca e recollida dos aros de forma completamente libre. Logo de facer estes 50 metros, ao chegar ao borde do vaso da piscina colocara os obxectos (aros) fóra da auga, no bordo do vaso, no lugar indicado para iso.

Percorrerase una distancia total de 100 metros, nunha piscina con vaso de 25 metros de longo. Soamente se admitirá unha saída falsa, entendendo como tal entrar na auga antes da orde de saída.

O tempo máximo será de 2 minutos e 15 segundos para os homes e de 2 minutos e 25 segundos para as mulleres.

Outorgaranse as seguintes puntuacións de acordo cos tempos expresados que comezarán a contar desde a posición de partida e ata a colocación dos obxectos no lugar indicado:

TEMPOS HOMES	TEMPOS MULLERES	AVALIACIÓN
2:16 ou máis	2:26 ou máis	Non apta/o
Entre 2:05 e 2:15	Entre 02:15 e 2:25	1 puntos
Entre 01:55 e 2:04	Entre 02:05 e 2:14	2 puntos
Entre 01:45 e 1:54	Entre 01:55 e 2:04	3 puntos
Entre 01:35 e 1:44	Entre 01:45 e 01:54	4 puntos
Menos 01:34	Menos 01:44	5 puntos

d) **Proba pseudotáctico terrestre.** Puntuación máxima 5 puntos

Consistirá en realizar un circuío, composto por salto horizontal, proba de equilibrio, lanzamento de balón medicinal, subida a un banco, pasar por un tubo e exercicio de salvamento.

A proba desenvolverase do seguinte xeito:

A persoa aspirante partirá da posición de pe, coa corda diante dela:

- **Proba de axilidade:** na liña de saída, cos pes xuntos, procederase a salto **horizontal**, tendo que superar unha distancia de 2,10 metros para homes e 1,80 metros para mulleres. Permitirase dous intentos (só nesta proba)
- **Proba de equilibrio:** Unha vez a persoa aspirante faga o salto horizontal, dirixirase cara o lugar onde se atopa o taboleiro de equilibrio. Unha vez situada no extremo do taboleiro de 8 centímetros de anchura, deberá de camiñar sobre o mesmo unha distancia de 390 centímetros ata chegar ao outro extremo do taboleiro. A persoa candidata deberá de tocar cun pé a marca situada ao final do taboleiro para a continuación caer sobre o chan,

na zona marcada ao efecto. Será motivo de eliminación cando a persoa aspirante caia do taboleiro dúas veces ou se axude das mans neste

- **Lanzamento de balón medicinal:** Unha vez rematada a proba de equilibrio, a persoa aspirante dirixirase cara o lugar onde se atopa o balón medicinal de 5 kg. Unha vez situada diante deste, na posición de pé, na marca destinada ao efecto, que estará situada a aproximadamente 200 centímetros da parede, cos pes separados a altura dos ombreiros, collerá o balón medicinal suxeitándoo coas dúas mans fronte ao seu peito e lanzará o balón cara adiante co obxecto de que o balón medicinal toque unha parede, por enriba da marca situada ao efecto, que estará aproximadamente a 170 centímetros de altura. Este lanzamento repetirase 10 veces para homes e 7 veces para mulleres. Unha vez rematado o derradeiro lanzamento, deixarase o balón medicinal na súa posición inicial
- **Subida a un banco:** Unha vez rematada a proba de lanzamento de balón medicinal, a persoa aspirante dirixirase cara o lugar onde se atopa o banco. Unha vez situada diante deste, na posición de pe, na marca situada ao efecto, fronte ao banco, para a continuación, subir e baixar a este, con ambas pernas de forma alterna durante 15 repeticións, tanto homes como mulleres. O banco terá unha altura aproximada de 18 centímetros
- **Pasar por un tubo:** Unha vez rematada a proba de subida a un banco, a persoa aspirante dirixirase cara o lugar onde se atopa o tubo, no que se deberá de introducir e avanzar reptando polo seu interior unha lonxitude aproximada de 12 metros e saír polo lado oposto ao de entrada
- **Salvamento:** Unha vez a persoa aspirante saia do tubo dirixirase cara o lugar onde se atopa o manequín que estará no chan en posición tendido prono. A persoa aspirante collerá o manequín e elevarao situando as costas do manequín na parte anterior do seu torso, abrazando o tronco por debaixo das axilas, deixando os brazos libres. A persoa aspirante transportará o manequín desprazándose de costas ata unha marca situada a aproximadamente 10 metros para os homes e a 7 metros para as mulleres. Unha vez chegada a marca, a persoa aspirante terá que traspasar esa marca de tal forma que pasen os seus dous pes e os talóns do manequín, momento no que xirará para cambiar o sentido da marcha e volverá ata a posición inicial onde colleu o manequín para colocalo na mesma posición que o atopou. O manequín terá un peso aproximado de 50 kg.

O tempo máximo será de 2 minutos para os homes e de 2 minutos e 15 segundos para as mulleres. Outorgaranse as seguintes puntuacións de acordo cos tempos expresados:

TEMPO HOMES	TEMPO MULLERES	PUNTUACIÓN
2 ou máis	2:15 ou máis	Non apta/o
Entre 1:53 e 1:59	Entre 2:08 e 2:14	1 punto
Entre 1:46 e 1:52	Entre 2:01 e 2:07	2 puntos
Entre 1:39 e 1:45	Entre 1:54 e 2:00	3 puntos
Entre 1:32 e 1:38	Entre 1:47 e 1:53	4 puntos
Menos de 1:32	Menos de 1:47	5 puntos

As persoas aspirantes disporán dun intento para a realización de cada proba (a-d) e para superalos deberase acadar a marca mínima sinalada para cada un deles. Unicamente pasarán a realizar o seguinte exercicio as persoas aspirantes que superen o anterior, quedando as restantes eliminadas.

Segundo exercicio: PROBA DE COÑECEMENTOS (obrigatorio e eliminatorio). De 0 a 20 puntos, sendo necesario acadar 10 puntos para a súa superación

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, máis 5 preguntas de reserva, con 4 respostas alternativas cada unha, das que unicamente unha é correcta. As preguntas serán propostas polo Tribunal e deberán amosar o dominio dos contidos do temario que figura como anexo a estas bases.

Puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario acadar 10 puntos para superar o exercicio. Cada resposta correcta puntuará 0,40 puntos, as respostas erradas descontarán 0,10 puntos e as non contestadas, ou en branco, non descontan.

Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do temario que no momento de publicación no BOP desta convocatoria contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior, esta mesma data terase en conta, igualmente, para todos aqueles datos do temario que se poidan valorar.

As persoas aspirantes disporán dun tempo máximo de 60 minutos para a súa realización.

O Tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que esta proba sexa corrixida sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes e que estas, sempre que sexa posible tecnicamente, poidan levar unha copia coas respostas efectuadas. O modelo de corrección coas respostas correctas publicárase na páxina web do Concello de Arteixo.

As decisións e os acordos que afecten á cualificación e á valoración da proba (determinación do número de preguntas correctas para acadar a puntuación mínima, fixación de criterios de valoración etc.) deberán adoptarse sen coñecer a identidade das persoas aspirantes ás cales corresponden os resultados obtidos.

Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o Tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes, con anterioridade á realización da proba, sobre os criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nestas bases.

Terceiro exercicio: EXERCICIO PRÁCTICO (obligatorio e eliminatorio). De 0 a 20 puntos, sendo necesario acadar 10 puntos para a súa superación

Consistirá na realización dunha ou varias probas prácticas, sobre as funcións e traballos a desenvolver no posto de traballo, tendo en conta o temario que figura no anexo as presentes bases.

As persoas aspirantes disporán dun intento para a realización deste exercicio.

Cualifícase de 0 a 20 puntos e para superala será necesario obter un mínimo de 10 puntos. As cualificacións adoptaranse sumando as puntuacións outorgadas por cada un dos membros do Tribunal e dividindo o total polo número de asistentes a aquel, sendo o cociente resultante a cualificación definitiva.

Os criterios de avaliación deste exercicio serán postos en coñecemento das/os aspirantes con carácter previo á realización do mesmo, ben sexa unha única proba práctica ou varias e, neste último suposto, informarase ás persoas aspirantes da cualificación máxima de cada unha e da ponderación e criterios de cualificación das mesmas.

Cuarto exercicio: EXAME DE LINGUA GALEGA (obligatorio e eliminatorio). Cualifícase como Apta/o ou Non apta/o

A proba de coñecemento da lingua galega consistirá nunha tradución escrita dun texto en lingua castelá á lingua galega, durante un tempo máximo de 30 minutos. O texto a traducir terá un máximo de 100 palabras e considerarase non apta/o a quen cometa 10 erros (de tradución, de gramática e/ou de acentuación). Non se permitirá preparación previa nin apoio documental ou bibliográfico.

As persoas aspirantes que acrediten, con carácter previo e da maneira normativamente establecida, o coñecemento da lingua galega, daráselles por superada esta proba coa cualificación de "Apta/o", para o que se lles esixirá o título Celga 3 ou equivalente (iniciación) de acordo coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 16 de xullo de 2007, na que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, artigo 2.4.

6.1.3.- Cualificacións da fase de oposición

Toda vez rematada a fase de oposición, o Tribunal elaborará unha listaxe de cualificacións totais da oposición de todas as persoas aspirantes que a teñan superado, a fin de proseguir coa fase de concurso, á que unicamente optarán aquelas/es aspirantes aptas/os na fase de oposición.

Ante as cualificacións totais provisionais da fase de oposición, outorgarase un prazo para presentación de alegacións. Transcorrido o prazo de alegacións, o Tribunal acordará as cualificacións finais da fase de oposición toda vez resoltas as posibles alegacións/reclamacións, determinando as/os aspirantes APTAS/OS que pasan á fase de concurso.

6.2.- FASE DE CONCURSO (carácter non eliminatorio): BAREMO DE MÉRITOS (Máximo 40 puntos)

As/os aspirantes declarados aptas/os na fase de oposición pasarán á fase de concurso de méritos, consistente na verificación dos méritos acreditados documentalmente expostos no autobaremo aportado xunto coa súa instancia.

A fase de concurso desenvolverase de conformidade ao baremo de seguido determinado, sendo imprescindible que a persoa aspirante aporte o Anexo III segundo este esquema de baremo, ao que deberá acompañar toda a documentación acreditativa de tales méritos.

Non se poderá aportar documentación de méritos non referenciados no autobaremo nin daqueles que non estean cumpridos na data de expiración do prazo de presentación de instancias. Se algunha persoa aspirante non tivera aportado documentación acreditativa dos méritos do autobaremo, será cualificado con 0 puntos na fase de concurso.

A puntuación máxima posible nesta fase de concurso é de 40 puntos e desenvolverase de conformidade ao baremo de seguido determinado

BAREMO CONCURSO MÉRITOS:

1. FORMACIÓN ACADÉMICA (ata un máximo de 15 puntos, non sendo resultado das puntuacións máximas dos diferentes epígrafes)

Unicamente serán valorados aqueles méritos formativos relacionados coa praza convocada e/ou coa Administración pública, e realizados por centros homologados, colexios profesionais, sindicatos, Administracións Públicas e similares acreditados oficialmente. No suposto de non figurar o número de horas lectivas (ou conversión de equivalencia, exemplo: créditos) os cursos non serán valorados. No caso de cursos de informática non serán tidos en conta aqueles propios de informática de usuario, así como tampouco aqueles con máis de 10 anos de antigüidade. Ao igual que o resto de cursos/ accións formativas, non serán válidos os cursos de informática de Academias privadas e análogos.

A valoración dos distintos cursos é excluínte, de xeito que non poderá valorarse dúas veces un único curso/título nin poderán valorarse fraccionadamente, isto é, non serán valorados independentemente os cursos que formen parte dos créditos para obtención dunha titulación académica.

1.A: Formación directamente relacionada coa praza convocada e/ou funcións (máximo 10 puntos, totalidade de méritos académicos):

- Por título de técnico superior relacionado coa área competencial da praza convocada (Técnico Superior de Coordinación de Emerxencias e Protección Civil): 3 puntos
- Por título de técnico medio relacionado coa área competencial da praza convocada (Técnico Medio en Emerxencias e Protección Civil): 2 puntos
- Por cursos e accións formativas impartidas por centros homologados, Deputación, Xunta, Concellos, Universidades, sindicatos e análogos axentes formativos acreditados directamente relacionados coa praza convocada:
 - Por cursos de duración lectiva igual ou superior a 300 horas: 3 puntos por cada un
 - Cursos de 150 horas a menos de 300 horas: 2 puntos por cada un
 - Cursos de 100 horas a menos de 150 horas: 1,5 puntos por cada un
 - Cursos de 75 horas a menos de 100 horas: 1 punto por cada un
 - Cursos de 50 horas a menos de 75 horas: 0,75 puntos por cada un
 - Cursos de 25 horas a menos de 50 horas: 0,50 puntos por cada un
 - Cursos de menos de 25 horas: 0,15 puntos por cada un

1.B.- Outra formación relacionada coa Administración Pública (máximo 3 puntos):

Por formación relacionada coa Administración Pública e indirectamente co posto de traballo, incluída formación transversal (cursos relativos a expediente administrativo, prevención de riscos laborais, igualdade xénero, protección de datos e outra formación transversal): 0,10 por cada 20 horas acumuladas ata un máximo de 3 puntos. A puntuación deste apartado realizarase sumando todas as horas lectivas, dividindo entre 20, desbotando as fraccións (decimais) e multiplicando por 0,10 puntos.

1.C.- Idioma galego (máximo 1 punto):

Por cursos de galego de nivel superior ao Celga 4 que exixe da realización do segundo exercicio:

- Curso de linguaxe administrativa, nivel medio: 0,5 puntos;
- Curso de linguaxe administrativa nivel superior: 1 punto

(Unicamente valorarase o de maior nivel)

1.D.- Carnets profesionais (máximo 5 puntos)

- Permiso de conducir de clase D: 0,50 puntos
- Permiso de conducir de clase C+E: 0,50 puntos
- Licenza de navegación: 0,25 puntos
- Patrón de navegación básica: 0,50 puntos
- P.E.R.: 1 punto
- Titulación de manexo de desfibriladores, coa presentación da correspondente certificación individual recoñecida polo Consello Español de Resucitación Cardiopulmonar: 0,50 puntos
- Cualificación profesional de extinción de incendios e salvamento (SEA676_2 - Prevención, extinción de incendios y salvamento.), que se acreditará coa presentación do certificado de profesionalidade SEAD0111: 0,50 puntos
- Cualificación profesional de operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural (SEA 595_2), que se acreditará coa presentación do certificado de profesionalidade SEAD0411: 0,50 puntos

- Cualificación profesional (SEA536_3), xestión e coordinación de protección civil e emerxencias, que se acreditará coa presentación do certificado de profesionalidade SEAD0311: 0,50 puntos
- Cualificación profesional (SEA596_3), coordinación de operacións en incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural, que se acreditará coa presentación do certificado de profesionalidade (SEAD0511): 0,50 puntos
- Inscripción no Rexistro Profesional do Persoal socorrista, información e primeiros auxilios de Galicia (sección de socorristas en espazos acuáticos naturais): 0,50

2. EXPERIENCIA PROFESIONAL (ata un máximo de 25 puntos)

As puntuacións de cada apartado do epígrafe de experiencia laboral son independentes aplicándose o límite máximo de 25 puntos e en ningún caso poderá acadarse coa suma dos distintos apartados unha puntuación superior ao máximo de 25 puntos establecido.

A experiencia profesional deberá acreditarse con copia dos contratos de traballo máis o Informe de vida laboral ou, no caso de Administracións públicas, certificado expedido polo fedatario público da Administración no que se explicita o posto de traballo, grupo de pertenza ou equiparación, duración do contrato/nomeamento e tipoloxía xornada. No caso de que no certificado non se detalle toda esta información deberá aportarse acta de toma de posesión/contrato ou calquera outra documentación acreditativa oficial. A puntuación da experiencia profesional referida anteriormente está referida a xornada completa, sendo que no suposto de xornada parcial, outorgarase a puntuación proporcional correspondente.

2.1.- Por experiencia profesional no desenvolvemento de tarefas ao servizo dunha Administración Pública, nunha praza de Operaria/o de Protección Civil ou idéntica (Axente de Emerxencias), asimilada ás vacantes convocadas: 1 punto por cada 6 meses acumulados. Os contratos ou nomeamentos a xornada parcial, puntuaranse proporcionalmente.

2.2.- Por experiencia profesional en calquera outro posto/categoría encadrado dentro da mesma agrupación profesional na Administración Pública ou sector público, empresas privadas ou fundacións sen ánimo de lucro: 0,25 puntos por cada 6 meses acumulados. Os contratos ou nomeamentos a xornada parcial, puntuaranse proporcionalmente.

As puntuacións de cada apartado outorgaranse sumando todos os días acreditados de experiencia dividindo entre 180, desbotando as fraccións (decimais) e multiplicando pola puntuación correspondente de cada apartado. No suposto de xornadas parciais aplicarase a proporcionalidade correspondente.

O Tribunal elaborará unha listaxe das puntuacións outorgadas ás persoas aspirantes nesta fase de concurso, que se fará pública na sede electrónica e no taboleiro de anuncios e na web municipal, durante un prazo de 3 días hábiles para posibilitar a presentación de alegacións/reclamacións das persoas aspirantes.

SÉTIMA.- RELACION DE APROBADOS E DOCUMENTACION

7.1.- A cualificación de cada exercicio e/ou fase dos mesmos, publicarase na sede electrónica e no taboleiro de anuncios, así como o chamamento para realización do seguinte exercicio. Complementariamente será publicada na web municipal, aos meros efectos informativos. As cualificacións finais das persoas aspirantes serán o resultado da suma das puntuacións acadadas en cada un dos exercicios da fase de oposición. As persoas aspirantes serán ordenadas nunha listaxe segundo orde de prelación das cualificacións finais acadadas. Tal listaxe, coa proposta de contratación ao/á aspirante que acade a primeira posición, será exposta na sede electrónica e no taboleiro de anuncios durante 3 días hábiles, a fin de que as persoas aspirantes podan presentar alegacións á mesma, sen prexuízo dos posibles recursos que consideren procedentes, de ser o caso.

7.2.- No caso de empate das cualificacións finais, como primeiro criterio de desempate utilizarase a preferencia das aspirantes mulleres, ao estar verificada a infrarrepresentación feminina nos termos establecidos polo artigo 153, da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. De persistir o empate, optarase pola/o aspirante que teña máis puntuación na proba de capacitación/exame práctico e, no suposto de non acadar desempate, por sorteo.

7.3.- O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superan o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao número de prazas convocadas. De non superar as probas establecidas ningunha persoa aspirante, o Tribunal poderá declarar deserta a convocatoria. Así mesmo, segundo a listaxe de prelación das puntuacións totais, o Tribunal determinará unha listaxe de reservas conformada polas/os aspirantes aptos na fase de oposición que nas puntuacións finais non acadaran o primeiro posto (coa finalidade de cubrir rexeitamentos, baixas de media-longa duración estimada, contratos de relevo ou substitución por permisos con dereito de reserva de posto de traballo, vacantes de plantilla e outras vacantes temporais de natureza similar e/ou de postos asimilados ao convocado de Axente de Emerxencias, a criterio potestativo da Alcaldía-Presidencia).

A listaxe de aspirantes que non acaden praza en propiedade conformará unha nova bolsa de substitucións vixente dende o momento da súa aprobación pola Alcaldía Presidencia. O chamamento de aspirantes desta bolsa funcionará con criterios de urxencia e celeridade, sendo que as/os aspirantes serán contactados vía telefónica e email, debendo aceptar ou rexeitar a oferta de contratación temporal no prazo inexcusable de 48 horas. No suposto dunha primeira renuncia por causa xustificada, a/o aspirante continuará na mesma orde na bolsa, no suposto dunha segunda renuncia (sexa xustificada ou non) pasará ao final da listaxe que conforma a bolsa e no caso dunha terceira renuncia, sairá da bolsa de substitucións.

Consideraranse causas xustificadas a acreditación documental no prazo sinalado de 48 horas: a situación de estar traballando, estar en situación de IT por enfermidade común ou accidente laboral, permiso maternidade/paternidade ou acreditación de coidado de menores, maiores a cargo ou calquera outro referido a conciliación familiar que imposibilite a prestación do servizo segundo a rotación de quendas/distribución de xornada propias do posto de traballo.

7.4.- A/o aspirante proposta/o á contratación como persoal laboral fixo (contrato indefinido), deberán presentar dentro do prazo máximo de 20 días naturais (a contar desde o día seguinte a aquel en que se fixo pública a listaxe final de puntuacións coa proposta de contratación), os documentos acreditativos de reunir todos e cada un dos requisitos que segundo a base segunda desta convocatoria se esixen para tomar parte na selección, e toda a documentación requirida polo departamento de Persoal co fin de efectuar a correspondente alta na Seguridade Social. Estarán exentas/os, se tivesen relación anterior con esta Administración Local, da xustificación documental, aquelas/es que o tivesen demostrado para obter o seu anterior nomeamento ou contrato.

Poderase establecer un período de proba de acordo coa lexislación laboral vixente na formalización tanto do contrato laboral indefinido para acceso á praza en propiedade como nos contratos temporais derivados da nova bolsa de substitucións, de conformidade ao establecido polo artigo 14 do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación concordante.

OITAVA.- NORMAL FINAL, LEXISLACIÓN APLICABLE E RÉXIME DE RECURSOS

As presentes bases, así como cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polas/os interesadas/os nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases.

A lexislación aplicable ao presente procedemento é a seguinte:

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, do texto refundido do EBEP
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas)
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia
- Texto refundido da Lei de igualdade das mulleres de Galicia
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local
- Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da administración do estado e demais disposicións aplicable
- Lei 53/1984, 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

As presentes bases, así como cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polas/os interesadas/os nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

ANEXO I: TEMARIO

1. A Constitución española de 1978: Estrutura e contido. Título preliminar. Dereitos e deberes fundamentais. Organización territorial do Estado.
2. O Estatuto de Autonomía de Galicia: Estrutura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu Presidente. As competencias de Galicia. A administración Pública Galega.
3. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local: O municipio. A provincia. Persoal ao servizo das Entidades locais.
4. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Actos administrativos. Requisitos. Eficacia. Nulidade e anulabilidade.
5. Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia. Disposicións xerais. Organización y competencias.
6. Coñecemento do termo municipal de Arteixo: Situación de edificios singulares, históricos e oficiais; situación de rúas, prazas, vías de comunicación e outros lugares de interese; percorridos (camiño a seguir entre dous puntos) e poboación.
7. Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA). Definición. Obxectivos. Marco legal. Niveis de activación do Plan.
8. Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia. Disposicións xerais.
9. Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil. Disposicións xerais. Planificación.
10. Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais. Obxecto. Ámbito de aplicación. Definicións. Dereitos e obrigas. Servizos de prevención.
11. Teoría do lume: Combustións. Triángulo y tetraedro do lume. Tipos de lumes. Transmisión dos lumes.
12. Teoría do lume. Técnicas: Mecanismos de extinción. Axentes extintores. Aplicacións, usos, vantaxes e inconvenientes dos axentes extintores.
13. Hidráulica: Bombas centrífugas. Instalación hidráulica.
14. Incendios de interior: Influencia do combustible. Influencia do recinto. Riscos do traballo en incendios de interior. Influencia da aplicación de auga sobre incendios. Influencia da ventilación.
15. Incendios de interior. Técnicas de intervención: Aplicación de auga. Técnicas de control da ventilación. Traballos en espazos sen visibilidade.
16. Incendios de vexetación: Transmisión de calor nos incendios forestais. Clasificación e identificación de alarma polo fume. Técnicas de intervención en incendios de interface urbana-forestal.
17. Rescate en altura: Sistemas de ancoraxe de seguridade. Técnicas de intervención. Valoración.
18. Rescate en accidentes de tráfico: Intervención en accidentes de tráfico. Técnicas de intervención.
19. Técnicas de estabilización de sistemas construtivos e terreos: Técnicas de estabilización.
20. Equipos operativos e ferramentas de intervención: Equipos de protección individual. Equipos e ferramentas de extinción. Ferramentas de extricaxe e excarceración. Ferramentas de arrastre e elevación.
21. Rescate en ascensores: Tipos de ascensores. Partes comúns dos ascensores. Técnicas de intervención. Valoración e tácticas de intervención.
22. Apeo e poda de arborado: Técnicas de intervención. Ferramentas. Fases e desenvolvemento da intervención. Técnicas de apeo de arborado.
23. Risco eléctrico: Conceptos básicos sobre electricidade. Medidas de seguridade con risco eléctrico. Valoración e intervención en incidentes con risco eléctrico. Tácticas de intervención.
24. NRBQ: Sustancias químicas, residuos tóxicos e mercadorías perigosas. Recoñecemento e identificación.
25. Salvamento en medio acuático: Natación adaptada ao salvamento acuático. Salvamento acuático.
26. Intervencións sanitarias en emerxencias: Valoración primaria e secundaria. Soporte vital básico en adultos e nenos. Atención inicial ao paciente politraumatizado. Traumatismos. Mobilización e inmovilización. Patoloxía por calor e frío.
27. Intervencións sanitarias en emerxencias: Protección e prevención de riscos na emerxencia.
28. Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Obxecto e ámbito da lei. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación.

29. Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Especial referencia ao Título IV da promoción da igualdade de mulleres e homes no eido local.
30. Plan de igualdade municipal (a disposición na web municipal).
31. Plan de igualdade para empregadas e empregados do Concello de Arteixo 2025-2029 e protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso moral, sexual e por razón de sexo no ámbito laboral (a disposición na web municipal).

ANEXO II: MODELO INSTANCIA

D^a/D.....con DNI núm:
con enderezo.....C.P..... Localidade.....
teléfono de contacto..... e e-mail.....

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da apertura do prazo de presentación de instancias de 2 prazas de persoal laboral fixo do posto de Operaria/o de Protección Civil (Axente de Emerxencias) a través de procedemento de concurso-oposición, en quenda libre.

Declaro explicitamente cumprir os requisitos establecidos nas bases reguladoras da convocatoria e, así mesmo, de-claro non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes e, non ter sido separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitada/o para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme.

E efectuando pola presente **Declaración responsable da exactitude e veracidade** da documentación referida á presente:

1. Titulación establecida como requisito de acceso na categoría á que opta
2. Acreditación de coñecemento de lingua galega para exención de realización de proba de galego (Celga 3 ou equivalente)
3. Carné de conducir B e A2
4. Autobaremo e documentación acreditativa dos méritos
5. Acreditación de discapacidade de ser o caso e/ou especificación de medidas de adaptación para realización dos exercicios da fase de oposición
6. Xustificante de pagamento das taxas de exame

Por todo o exposto **SOLICITA:**

Sexa admitida esta instancia para participar na convocatoria correspondente á OEP 2026:

Data, DNI e sinatura da/o aspirante:

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS.- De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protec-ción de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE ARTEIXO, con dirección PRAZA ALCALDE RAMÓN DOPICO Nº 1-15142 ARTEIXO (A CORUÑA). Os seus datos serán utilizados para o trámites estritamente necesarios relacionados coa súa solicitude O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supor a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas derivadas da súa solicitude e, os mesmos poderán ser publicados nas listaxes resolutivas de admitidos, no Boletín Oficial correspondente, taboleiro de edictos municipal e páxina web. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento. O CONCELLO DE ARTEIXO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade na dirección PRAZA ALCALDE RAMON DOPICO, Nº 1-15142, ARTEIXO (A CORUÑA), aportando copia do seu DNI.

AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARTEIXO

Arteixo, 4 de agosto de 2026

Asinado: José M^a Sánchez Novo (Alcalde Accidental, por delegación Decreto nº 2065/2026)

2026/5188